

# **DANZA DO MUIÑEIRO**

Lucía Alcalde Lorenzo

## **FICHA TÉCNICA**

**Título completo:** A danza do muiñeiro (Farruca), de O sombreiro de tres picos

**Autor:** Manuel de Falla (con Gregorio Martínez Sierra)

**Ano de composición:** 1919

**Período musical:** Século XX

**Forma musical:** Farruca

**Funcionalidade:** Música para desfrute. Adaptación da obra O sombreiro de tres picos de Pedro Antonio de Alarcón

**Versión escoitada:** <http://youtu.be/inaoPfzVvbY>

# BIOGRAFÍA DO AUTOR: MANUEL DE FALLA

Naceu o 23 de novembro de 1876 en Cádiz e morreu o 14 de novembro de 1946 en Arxentina. Foi un compositor español, un dos máis importantes representantes do nacionalismo musical durante a primeira metade do século XX. Recibiu as súas primeiras leccións de solfeo da man de súa nai, intérprete de piano, e o seu avó. Aos 9 anos de idade continuou os seus estudos musicais cunha profesora de piano chamada Eloísa Galluzo.

Viaxou a Madrid para estudar piano con José Tragó, un gran profesor de conservatorio, obtendo pronto, en 1899, o Primeiro Premio de Piano. En 1897 compuxo Melodía, una obra para violonchelo e piano e dedicada a Salvador Viniegra, xa que Falla participaba nas sesións de música de cámara que se realizaban na casa deste. Tamén probou en varias ocasións introducirse na zarzuela, axudado polo compositor Amadeo Vives, pero finalmente só estrea unha obra deste tipo, Los amores de la Inés (1902).

Máis tarde, estudou composición co musicólogo Felipe Pedrell, quen tería notable influencia na súa posterior carreira xa que espertou nel o interés polo flamenco e, en especial, polo cante jondo.

Entre os anos 1905 e 1907 foi profesor de piano en Madrid e nese último ano trasladouse a París ata 1914, onde estudou e traballou.



En París coñeceu a celebridades, entre eles Claude Debussy e Pablo Picasso, algo que influíu de maneira determinante na súa música posterior. Por isto, na súa obra pódense encontrar elementos impresionistas, procedentes dos compositores Claude Debussy e Maurice Ravel.

O compositor, volveu a Madrid en 1915, onde interpretou Siete canciones populares españolas, entre outras pezas. Ademais, tamén tivo unha etapa granadina.



Claude Debussy



Maurice Ravel

Algunhas das obras máis importantes da súa vida foron El amor brujo, El sombrero de tres picos ou La vida breve.

Finalmente, no ano 1939 exíliase a Arxentina trala Guerra Civil española e, a pesar dos esforzos do goberno do ditador Francisco Franco, que lle ofrecían unha pensión se regresaba, faleceu tras sufrir unha parada cardiorrespiratoria.

**Curiosidade:** en honor a Manuel de Falla, a partir de 1973 entrou en circulación en España o billete de 100 pesetas co rostro do compositor. Desapareceu en 1982 cando se decidiu acuñar monedas de 100 pesetas.



## **Resumo da obra:**

O argumento consiste na burla que se fai a un vello corrixidor de Andalucía tolo polos encantos dunha xoven muiñeira á que persegue. O amor cara a ela fai que o seu esposo, o muiñeiro, sinta moitos ciumes, o que se converte na base da historia. Ela simula aceptar o cortexo ata un punto que se ve comprometida pola situación co ancián, que sofre burlas mentres o muiñeiro e a súa muller afirman o seu amor. Na segunda parte da obra móstrase un clima festivo do campo español, correspondendo a unha das danzas máis características da obra: a danza do muiñeiro.

## **A Danza do muiñeiro:**

Reproduce o momento no que a esposa lle pide ao seu home que baile para os seus amigos, e este comprácelle cunha Farruca.

## ANÁLISE MUSICAL:

**Melodía:** instrumental e ben ligada.

**Ritmo:** regular. Está marcado e ben diferenciado no momento no que toca cada instrumento. En algúns momentos vólvese máis intenso e noutros de máis tranquilidade cambia, polo que se poden apreciar ás veces grandes saltos.

**Textura:** hai partes de homofonía pero tamén de melodía acompañada.

**Harmonía:** unha parte da canción está en Do menor, mentres que outra cambia a Mi menor, e viceversa.

**Timbres:** gran número de instrumentos, entre os que destacan os de corda (arpa, violíns) e vento (trompa, corno inglés, oboe, fagot, clarinete). Tamén é importante a percusión.

**Dinámica:** de novo, coma no ritmo, varianzas entre os sons máis suaves e os máis fortes, variantes ao longo de toda a peza.

**Forma:** farruca, palo flamenco cuxa orixe está no folclore do norte de España e que foi levado a Andalucía a mediados do século XIX polos mozos que ían traballar a esa rexión. Despois foi adaptada por músicos andaluces, que a aflamencarían. Esta nova maneira popularizouse dende a primeira metade do século XX.

## ANÁLISE:

1. Introducción (solo de trompa) que lembra a fanfarria das corridas de toros.
2. Comeza un solo de corno inglés que toca a escala frixia (típica do flamenco) retomando ó final o motivo melódico que realizou anteriormente a trompa.
3. Iníciase un zapateado, tocado pola corda e o redobre da caixa.
4. Da base rítmica nace un solo de oboe acompañado de arpa e violíns.
5. De novo un zapateado, tocado esta vez pola corda e a percusión.
6. Melodía en Do menor (do fagot e o clarinete, ós que se suma a corda).



7. Zapateado de novo, (coa corda e o vento metal)

8.Solo de trompa similar ó do óboe do número IV (engade un enlace de frases tocado pola corda).

9. Final (Coda), que consiste en tres frases de 8 compases cada unha. O ritmo e a melodía vanse acelerando durante eses 24 compases ata chegar a un final frenético, no cal se pode oír un taconeo. É un final moi enérxico.



## Opinión crítica:

- O compositor si que consegue cumprir a funcionalidade, primeiro porque é unha música para desfrute e segundo porque está baseada nunha obra literaria xa existente, a cal é capaz de adaptar á música e reflectir a historia.
  
- Pareceume unha canción interesante e un tema moi peculiar, xa que non adoita haber historias que contén este tipo de situacións e cun toque cómico.